

Na igrexa de San Francisco de Betanzos:
**unha representación cósmica do ano,
restos dun calendario agrícola,
algúns artesáns e
retratos dos Andrade**

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ^{©*}

as imaxes son do autor

Sumario

Estúdanse diversos relevos da igrexa de San Francisco, de Betanzos (s. XIV): un capitel múltiple cunha representación cósmica do ano, outro capitel con tres meses dun calendario agrícola, dous artesáns (un encargado da comida (un cociñeiro probablemente) e un panadeiro. Finalmente preséntanse diversos retratos da familia Andrade que nunca se viran como tales.

Abstract

The study of several reliefs in San Francisco church, Betanzos (14th Century): a many-sided capital with a cosmic representation of the year, another with 3 months of the agrarian calendar; two artisans, one in charge of the food (probably a cook) and the other a baker. Finally, several portraits of the Andrade family which were never before recognised as such.

Representación cósmica do ano

Nun capitel múltiple do brazo sur do cruceiro, muro oeste, da igrexa de San Francisco, de Betanzos, represéntase, de esquerda a dereita, o seguinte:

Iníciase o discurso cun dragón alado, que anda cara á esquerda do espectador, pero vira a cabeza cara á dereita, indicando a dirección do discurso. A continuación, vemos unha escena de montería cun «moço do monte» (expresión do *Livro da Montaria* do Rei portugués João I) tocando dous cornos ou trompas (leva roupa cinguida ó torso, cinto e saio con pregos), mentres o mira un can que está ós seus pés. Ó mesmo tempo, en elegante escorzo cara atrás, fuxe un corzo. Á dereita, na base do capitel, aínda vemos outro can de afiado fociño, mentres na parte superior aparece un gran león co rabo arqueado por encima do lombo. Unha planta en primeirísimo plano indícanos que o bosque ou, mellor, a Natureza, é o escenario desta historia. O león agarra coa súa pata dianteira esquerda e toca coa dereita a vara ou bastón (rematado nunha lixeira curva) dunha figura masculina que o suxeita coa man dereita, mentres se protexe detrás do que parecen as almenas dun castelo. Ese personaxe colle coa man esquerda a orella dereita dun vello de figura calva e barbada, mentres a orella esquerda deste vello está collida ó mesmo tempo pola man dereita do deus Xano, ó tempo que este leva na man esquerda unha rama.

Todo este discurso é moi interesante e a presenza segura do deus Xano é a que permite pensar que estamos diante dunha representación cósmica do ano.

* **Alfredo Erias Martínez** é director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas e arquivista-bibliotecario municipal de Betanzos (<http://www.alfredoerias.com>).



Á esquerda, o deus Xano nun canzorro exterior da ábsida da igrexa de Santiago, de Betanzos. Arriba, Xano na clave de bóveda da ábsida da tamén betanceira igrexa de Santa María do Azougue.



O mes de xaneiro en forma do deus romano Xano no calendario de Santa María do Azougue.

O dragón, de numerosos significados, representaría aquí a constelación circumpolar de Draco, de primavera e verán, que serpentea arredor da Osa Menor, unha das 48 que describe Claudio Ptolomeo na súa obra *Almagesto*.

Na mitoloxía grega era o dragón Ladón que gardaba as mazás de ouro das Hespérides, as fillas de Atlas, e que foi matado por Hércules cunha frecha nun dos seus traballos. Enfadada pola morte do dragón, Hera colocou a súa figura no firmamento. Outra imaxe grega para Draco é a do dragón que combateu á beira dos titáns na súa loita contra os deuses do Olimpo. Cando, logo de dez anos de batalla, o dragón se enfrontou a Atenea (Minerva na mitoloxía romana), a deusa colleuno polo rabo e lanzouno ó ceo, facéndoselle nós e conxelándose: así, non puido escapar da súa posición á beira da estrela polar.

En calquera caso, a posición inicial de Draco neste capitel ten un contido



Capitel múltiple de San Francisco de Betanzos cunha representación cósmica do ano.

Capitel múltiple de Santo Domingo de Pontevedra cunha síntese da representación cósmica do ano. Composición fotográfica.



esencialmente simbólico, posto que, a pesar de ser máis visible en xullo como constelación, representaría aquí a escuridade invernal previa ó rexurdir da vida. Polo tanto, Draco tería un compoñente cristián asimilado ó demo e ó pecado: á escuridade que ha de ser vencida pola luz, pola virtude.

A escena de montería é simbólica do mes primaveral (*prima e vera*, 'primeiro verdor') de maio. Sería daquela aquí unha metáfora da primavera, do renacer da vida.

O león significaría a constelación primaveral de Leo, que é máis visible en abril. Foron os gregos os que interpretaron este conxunto de estrelas como un león, que sería morto por Hércules nun dos seus doce traballos. Aquí, o león agarra coa súa pata esquerda e toca coa dereita a vara ou bastón dun personaxe, co que semella loitar. A ligazón entre o león e este home, que ten a cara moi erosionada, permite pensar que estamos diante dunha referencia á loita mítica de Hércules co león de Nemea.

Segundo esta teoría, por conseguinte, o home da vara ou bastón (mellor diríamos daquela, maza), sería Hércules ou un trasunto del, quizais redefinido como un cabaleiro defensor dun castelo (véxanse as posibles almenas) e ata ese aparente castelo almenado, no s. XIV, moi ben puidese referirse á coruñesa torre de Hércules, posto que é aquí, nos *finisterraes* atlánticos, onde morre miticamente o sol e onde Hércules (heroe solar) remata os seus doce traballos, vencendo ó xigante Xerión. Por conseguinte, representárase así a constelación estival de Hércules. Agora



A constelación de Orión, representada no Salterio de Utrecht, folio 58v., datado no 820-840. Utrecht, Universiteitsbibliotheek.



Hércules loitando co león de Nemea. Mosaico romano de Liria, Valencia, (Museo Arqueológico Nacional).

ben, outra alternativa posible sería que este personaxe representase a constelación de Orión, o heroe cazador de Beocia, citado por Homero e representado de xeito semellante a Hércules. Orión é unha constelación de inverno. No *Salterio de Utrecht* (c. 820-840) represéntase cunha pel de león no brazo esquerdo e unha especie de bastón na man dereita: é o *lagobolon*, atributo do cazador de lebres, que se parece, por esa curvatura superior, á arma que empuña o personaxe do noso capitel. Tamén podemos pensar nunha mestura formal dos dous mitos, o de Hércules e o de Orión.

En moitos lugares de Europa e Asia aínda se conserva o costume, no aniversario dunha persoa, de tirarlle tantas veces das súas orellas como anos cumpre. Diríase que este costume pode ter as súas raíces no mundo indoeuropeo, pero no noso caso, o máis pertinente é constatar que en Roma o lóbulo auricular considerábase o receptáculo da memoria e, por conseguinte, cando nos tiran das orellas os amigos, é probable que o fagan para que sexamos conscientes do irremediable paso do tempo. Unha especie de *memento mori*, 'lembra que es mortal!' (ou *respice post te! hominem te esse memento!*, 'mira ás túas costas!', lembra que es un home!'), que alude á fugacidade da vida e que un servo lle ía dicindo a un xeneral victorioso en Roma, mentres este, triunfante, desfilaba polas rúas. Porque é o paso do tempo o que se describe neste capitel, onde todas as súas escenas están coidadosamente entrelazadas: unhas cousas veñen das outras e *tempus fugit*.

O home que loita co león colle coa outra man a orella do vello: un vello que representa o inverno, a escuridade e o frío (pero non o pecado como no caso de Draco), o final que precede ó principio, posto que deriva dunha das caras do deus Xano, unha cara que se ve ben no calendario de Santa María do Azougue, a que mira ó pasado, pero que aquí aparece en forma illada, mentres o outro deus Xano,

o que lle colle a súa orella esquerda, está vigoroso con dúas facianas novas e cunha rama na súa man esquerda. Outra rama aparece na parte dereita, detrás, para crear unha certa simetría, cousa que nos fai lembrar a deusa Flora, a da Primavera, con sendos ramos nas mans levantadas. A idea é a mesma, a do rexurdimento do mundo vexetal e, con el, do animal: o novo principio. Todo isto acomódase curiosamente bastante ben ó discurso cristián, posto que, ó fin e ó cabo, fálasenos, cunha metáfora clásica, de resurrección.

En Santo Domingo de Pontevedra, probablemente por referencia a este capitel de Betanzos, atopamos esta mesma concepción, pero extremadamente sintetizada. Alí, o ano represéntase por unha escena simétrica na que dous Xanos laterais collen as orellas dun vello central (a faciana vella de Xano) que aquí o artista non interpreta ben, posto que ten pelo e non leva barba, mentres que coa outra man portan o ramo da primavera. A escena pontevedresa, polo tanto, herdeira da de Betanzos, perde contido e quédase máis no ornamental.

Restos de un calendario agrícola

Existen restos de un calendario agrícola do s. XIV na igrexa de San Francisco, algo que entra dentro da probada querenza que Fernán Pérez de Andrade tiña polo mundo clásico grecorromano. Un pequeno capitel da capela absidal do evanxeo (onde está o sepulcro de Aras Pardo e o que queda da lauda sepulcral da súa media irmá Sancha Rodríguez, muller de Andrade) mostra tres figuras de campesiños cos pés descalzos, correspondentes a outros tantos meses. O discurso vai (a



Unha imaxe da constelación de Hércules.

Johannis Hevelii, *Firmamentum
sobiescanum sive uranographia
totum coelum stellatum*,...
Gedani Typis Johannis-Zachariae
Stollii Anno MDCXC.



Representación do verán como un segador, unha imaxe collida directamente de Roma onde o segador por excelencia era Saturno, deus da agricultura. Polo tanto, tamén podemos ver aquí esta forma do deus Saturno, moi representada en mosaicos. Igrexa de Santa María do Azougue (Betanzos), capela absidal do evanxeo.



*Restos de un calendario agrícola do s. XIV na igrexa de San Francisco, de Betanzos.
Meses, de dereita a esquerda: xullo, agosto e setembro.*



SETEMBRO
porqueiro
(en Santa Mª do Azougue
esta figura é o mes de outubro)

AGOSTO
mallador

XULLO
segador



Probable cociñeiro encargado da comida e da bebida dos cabaleiros e «moços do monte» nas monterías de Fernán Pérez de Andrade. Ábsida da igrexa de San Francisco, de Betanzos, lado da epístola.

diferencia do calendario de Santa María do Azougue) de dereita a esquerda.

O primeiro é un home con fouchiño na man esquerda e unha presa de cereal (trigo...) na dereita. É o segador que representa ó mes de xullo.

O segundo está mallando co mallo, a diferenza do de Santa María que se limita a amosalo como símbolo. Representa ó mes de agosto.

O terceiro agarra coas dúas mans un pao, polo que é o vareador de carballos, para engordar os porcos, o porqueiro. Pero aquí aparece en setembro e non en outubro como no calendario de Santa María do Azougue.

Artesáns da alimentación

O encargado da comida e da bebida: probablemente un cociñeiro

Betanzos é no marco europeo un lugar privilexiado para ver en relevos de pedra como era a caza medieval cabaleiresca (é unha pena que se perderan as cores!). O sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, os relevos da ábsida e diversos capiteis na igrexa de San Francisco e outros máis na de Santa María e Santiago, dannos unha imaxe ampla dun acontecemento que servía ó señor para escenificar o seu poder de múltiples maneiras. Pero alí, no medio do bosque, seguindo ó porco bravo, enfrontándose a el a pé e soamente cunha lanza nas mans ou mesmo morrendo polas súas embestidas, estaban os *moços do monte*. Eles son tamén grandes protagonistas, porque evidentemente superan en número ós cabaleiros e porque ademais participan en escenas esenciais do discurso. De todos eses *moços* hai un que ten características especiais por non levar ningún elemento propio da



Arriba, miniatura de *El libro de la caza* de Gaston Phoebus, conde de Foix (1331-1391). Madrid, Editorial Casariego, 1994 (reproducción íntegra do ms. fr. 616 da Biblioth  que nationale de Paris).

Abaixo, miniatura de finais do s. XIV ou principios do XV do *Libro de la Monter  a* do Rey Alfonso XI, que xa estaba escrito entre 1340 e 1350. Madrid, Ediciones Vel  zquez, 1976, con miniaturas do c  dice da *Cartuja de Sevilla*, Biblioteca del Palacio Real).



Panadeiro da   bsida da igrexa de San Francisco, de Betanzos (s. XIV).

caza. Aparece no lado da ep  stola na primeira pedra do discurso, despois do escudo, onde vemos dous mozos e un cabaleiro. Pois ben,    o primeiro mozo, o que leva unha gran escudela ou fonte para comer, na man dereita, e un barril pequeno de vi  o, na esquerda.

En diversos libros miniados europeos de monter  a da Baixa Idade Media, unha das miniaturas adoita ser a que representa a comida dos cazadores (e tam  n a dos cans e cabalos) no monte. Al   os comensais eran tratados segundo o seu grado social. Para os se  ores, desde logo, reproduc  ase en todo o posible o ambiente dos pazos, tendo coci  eiros e serventes un papel importante.

Este mozo coa escudela e o barril,    claramente o encargado da comida e da bebida no monte, tanto para os cabaleiros como para os mozos, *versus*

soldados, posto que a caza nobiliaria serv  a tam  n como entrenamiento para o ex  rcito. Non sei se se encargar  a tam  n da comida e da bebida dos cans, que eran moi estimados. Por conseguinte, podemos pensar que estamos diante, probablemente, de un coci  eiro de monter  a, neste caso, cousa verdadeiramente rara nas representaci  ns iconogr  ficas da Galicia medieval.





Panadeiro enforando coa pala ou «pá» do forno, como se diría nas Mariñas de Betanzos. Tomado do Tacuinum sanitatis. Madrid, Ed. Casariego, 1996 (Códex Vindobonensis series nova 2.644, s. XIV).

Pala ou «pá» do forno.

Un panadeiro

Outro personaxe moi interesante é un que se atopa nun dos nervios da bóveda da ábsida de San Francisco. A profesora Fraga considerouno un «*obrero portando una pala*» (Fraga, 1996, 209). En realidade colle coas dúas mans unha moi recoñecible pala ou «pá» do forno, como se di nas Mariñas de Betanzos, de maneira que, atendendo ademais ó contexto do Paraíso no que se insere, con músicos e festa, non hai dúbida: trátase dun panadeiro, o panadeiro do Paraíso, o que coce o pan para a festa eterna.



O peso das almas, presidido doblemente polo arcanxo San Miguel (no centro co libro e a cruz e, máis pequeno, coa balanza na que pesa as almas á maneira do Xuízo de Anubis do antigo Exipto). Andrade, pequeno, humilde, sen armadura, oferente, axeónllase no lado dos salvados e prega a intercesión de San Miguel, xefe dos exércitos de Deus.

No Paraíso andradiano hai música e hai comida. Por iso o panadeiro ten razón de ser e resulta perfectamente coherente co ideal xeral que inspirou o programa. Unha especie de existencia paralela á montería en vida, onde a comida e a bebida tamén tiña o seu papel na escena, como se viu.

Retratos dos Andrade

No arranque dos nervios da ábsida de San Francisco represéntase o Inferno, un lugar ó que se lle dá pouca extensión, porque o que interesa ó patrocinador da obra, Fernán Pérez de Andrade, é o Paraíso, a onde considera que chegaría, xunto á súa familia, despois do preceptivo Xuízo Final e peso das almas. Evidentemente, nunha obra feita para glorificarse, o Xuízo Final foille favorable. Era lóxico, posto que na mesma igrexa aparecía no seu sepulcro e nas escenas de caza como un heroe á maneira antiga, ó tempo que un home valente e honorable ó xeito medieval, cheo de virtudes cristiáns, que se algo malo fixo na vida (axuda a Enrique de Trastamara en Montiel para que puidera matar a Pedro I nun «desafío», segundo a *Descripción del Reyno de Galizia*, de 1550, do Licenciado Molina), isto quedaría convintemente saldado despois de facer sete veces sete obras boas (sete igrexas, sete mosteiros, sete pontes, sete hospitais, etc.). Este feito é moi verosímil, posto que Molina (que debe ter fontes da época) considérao como algo positivo, xa que fala de Andrade sempre en ton loubador. Sen embargo, nas crónicas anteriores máis oficiais, Andrade aparece substituído



Imaxe dun resucitado, como unha cabeza xenérica saíndo dun florón do Paraíso. Ábsida de San Francisco, de Betanzos.

nese feito polo mercenario bretón Bertrand du Guesclin, que, ó ser estranxeiro, é doado atribuírlle algo que, desde logo, non responde ás regras non escritas da cabalería, esas que coñecía ben Andrade, polo que preferiu agochar o feito e neutralizalo como fose diante de Deus. E a neutralización dunha gran maldade pasada por sete veces sete accións boas é algo que deduce (seguramente coa axuda do seu capelán Fernán Martís) da Biblia e no que pon sospeitosamente moito empeño.


13Entonces Caín respondió a Jehová: Grande es mi culpa para ser soportada. 14Hoy me echas de la tierra, y habré de esconderme de tu presencia, errante y extranjero en la tierra; y sucederá que cualquiera que me encuentre, me matará. 15Le respondió Jehová: Ciertamente cualquiera que mate a Caín, siete veces será castigado. 16Salió, pues, Caín de delante de Jehová, y habitó en tierra de Nod, al oriente de Edén... (Génesis 4).

*¹Habló Jehová a Moisés, diciendo: ²Habla a los hijos de Israel y diles: Cuando alguna persona pecare por yerro en alguno de los mandamientos de Jehová sobre cosas que no se han de hacer, e hiciere alguna de ellas; ³si el sacerdote ungido pecare según el pecado del pueblo, ofrecerá a Jehová, por su pecado que habrá cometido, un **becerro sin defecto para expiación**. ⁴Traerá el **becerro** a la puerta del tabernáculo de reunión delante de Jehová, y pondrá su mano sobre la cabeza del becerro, y **lo degollará delante de Jehová**. ⁵Y el sacerdote ungido tomará de la sangre del **becerro**, y la traerá al tabernáculo de reunión; ⁶y mojará el sacerdote su dedo en la sangre, y rociará de aquella sangre **siete veces** delante de Jehová, hacia el velo del santuario. ⁷Y el sacerdote pondrá de esa sangre sobre los cuernos del altar del incienso aromático, que está en el tabernáculo de reunión delante de Jehová; y echará el resto de la sangre del becerro al pie del altar del holocausto, que está a la puerta del tabernáculo de reunión. ⁸Y tomará del **becerro** para la expiación toda su grosura, la que cubre los intestinos, y la que está sobre las entrañas, ⁹los dos riñones, la grosura que está sobre ellos, y la que está sobre los ijares; y con los riñones quitará la grosura de sobre el hígado, ¹⁰de la manera que se quita del buey del sacrificio de paz; y el sacerdote la hará arder sobre el altar del holocausto. ¹¹Y la piel del becerro, y toda su carne, con su cabeza, sus piernas, sus intestinos y su estiércol, ¹²en fin, todo el becerro sacará fuera del campamento a un lugar limpio, donde se echan las cenizas, y lo quemará al fuego sobre la leña; en donde se echan las cenizas será quemado.*

*¹³Si toda la congregación de Israel hubiere errado, y el yerro estuviere oculto a los ojos del pueblo, y hubieren hecho algo contra alguno de los mandamientos de Jehová en cosas que no se han de hacer, y fueren culpables; ¹⁴luego que llegue a ser conocido el pecado que cometieren, la congregación ofrecerá un **becerro por expiación**, y lo traerán delante del tabernáculo de reunión. ¹⁵Y los ancianos de la congregación pondrán sus manos sobre la cabeza del becerro delante de Jehová, y en presencia de Jehová degollarán aquel **becerro**. ¹⁶Y el sacerdote ungido meterá de la sangre del **becerro** en el tabernáculo de reunión, ¹⁷y mojará el sacerdote su dedo en la misma sangre, y rociará **siete veces** delante de Jehová hacia el velo. ¹⁸Y de aquella sangre pondrá sobre los cuernos del altar que está delante de Jehová en el tabernáculo de reunión, y derramará el resto de la sangre al pie del altar del holocausto, que está a la puerta del tabernáculo de reunión. ¹⁹Y le quitará toda la grosura y la hará arder sobre el altar. ²⁰Y hará de aquel **becerro** como hizo con el **becerro de la expiación**; lo mismo hará de él; así hará el sacerdote **expiación** por ellos, y obtendrán perdón. ²¹Y sacará el **becerro** fuera del campamento, y lo quemará como quemó el primer **becerro; expiación** es por la congregación (Levítico 4).*

Na páx. seguinte, como salvados no Paraíso, aparecen na bóveda da ábsida da igrexa de San Francisco, de Betanzos, estes catro retratos. Un deles, o de maior tamaño, é de Fernán Pérez de Andrade; os demais poden ser do seu «fillo erdeiro», morto de mozo, e de dous dos seus tres irmáns: o que falta estaría no nervio desaparecido. Enriba, á esquerda, o anxo de Fernán Pérez co becerro da expiación.





Descripción del Reyno de Galizia do Licenciado Molina (1550).

«De los andrades

La casa de andrade ta(m)bien os lo digo porque su hecho tambien se publique q(ue) vn muy priuado del rey don enrique contra don pedro su hermano y abrigo en vna batalla le fue tal amigo que viendo le estar caydo le quiso dar tal ayuda socorro y auiso que dando la buelta mato su enemigo

Este linaje de los andrades es de los honrrados deste reyno y entre ellos ouo aquel buen cauallero que llamaron fernal perez de andrade el bueno: el q(ua)l siendo muy priuado del rey don enrique el bastardo en vna batalla y desafio que persona por persona ouo este rey do(n) enrique con el rey don pedro su hermano: estando caydo en tierra el don enrique y do(n) pedro sobre el ya para le matar, se hallo allí este fernal perez: el qual diziendo: yo no quito rey ni pongo rey, mas ayudo a mi señor, tomo del braço al rey don enrique, el qual dando la buelta sobre su enemigo y hermano el rey don pedro, le mato: y por este tan buen hecho le dio el rey don enrique las villas de las puentes deume y ferrol y otras muchas tierras: deste reyno: este fue abuelo del conde don fernando de andrade valeroso y excelente capitan. Ay en este reyno muchos y buenos caualleros desta alcuña: traen por armas vn escudo verde con una vanda de oro».

gran dragón, la serpiente antigua, que se llama diablo y Satanás, el cual engaña al mundo entero; fue arrojado a la tierra, y sus ángeles fueron arrojados con él. 10Entonces oí una gran voz en el cielo, que decía: Ahora ha venido la salvación, el poder, y el reino de nuestro Dios, y la autoridad de su Cristo; porque ha sido lanzado fuera el acusador de nuestros hermanos, el que los acusaba delante de nuestro Dios día y noche. 11Y ellos le han vencido por medio de la sangre del Cordero y de la palabra del testimonio de ellos, y menospreciaron sus vidas hasta la muerte. 12Por lo cual alegraos, cielos, y los que moráis en ellos. ¡Ay de los moradores de la tierra y del mar! porque el diablo ha descendido a vosotros con gran ira, sabiendo que tiene poco tiempo (Apocalipsis 12).

Así pois, Andrade, como humilde orante oferente de sete veces sete obras boas (a igrexa e mosteiro de San Francisco de Betanzos poden verse como grandes obras de expiación) está seguro á beira do arcanxo San Miguel no impresionante relevo do arco de acceso á ábsida, situándose xa como salvado na parte onde están os que van ó Paraíso, subidos por anxos á maneira dos que se ven no Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Ó outro lado está o peso das almas e os demos martirizando ós condenados, remedando tamén ós da catedral compostelana.

9Pero cuando el arcángel Miguel contendía con el diablo, disputando con él por el cuerpo de Moisés, no se atrevió a proferir juicio de maldición contra él, sino que dijo: El Señor te reprenda. 10Pero éstos blasfeman de cuantas cosas no conocen; y en las que por naturaleza conocen, se corrompen como animales irracionales. 11¡Ay de ellos! porque han seguido el camino de Cain, y se lanzaron por lucro en el error de Balaam, y perecieron en la contradicción de Coré. 12Estos son manchas en vuestros ágapes, que comiendo impudicamente con vosotros se apacientan a sí mismos; nubes sin agua, llevadas de acá para allá por los vientos; árboles otoñales, sin fruto, dos veces muertos y desarraigados; 13fieras ondas del mar, que espuman su propia vergüenza; estrellas errantes, para las cuales está reservada eternamente la oscuridad de las tinieblas (La Epístola Universal de San Judas Apóstol).

7Después hubo una gran batalla en el cielo: Miguel y sus ángeles luchaban contra el dragón; y luchaban el dragón y sus ángeles; 8pero no prevalecieron, ni se halló ya lugar para ellos en el cielo. 9Y fue lanzado fuera el

Por iso non pode estrañarnos que no Paraíso da ábsida estean representados Andrade e algúns familiares. A seguridade de tal afirmación parte de que nese Paraíso festeiro con músicos, un panadeiro, anxos varios, etc. os resucitados aparecen de varias maneiras, pero sobre todo como cabezas: hainas que saen dos floróns paradisíacos e son máis ben impersoais, pero outras aparecen illadas, máis grandes e presentan características evidentes de retratos. Empecei por ver que unha desas cabezas era de maiores dimensións que todas as demais. Estaba na metade do 1º nervio do evanxeo («H64» no esquema de Dolores Fraga).

Hai que ter en conta que esta cabeza de Andrade, nese lado do evanxeo, estaría xusto enriba do seu sepulcro, polo que sería o seu retrato (idealizado, certamente, como non podía ser de outra maneira), xa no Paraíso: abaixo, no sepulcro, aparece como heroe á maneira clásica, como cabaleiro e como cazador; e arriba, no Paraíso, como un dos xustos, un resucitado. E para que se saiba ben, faise máis grande, cousa que chamaría a atención cando toda a ábsida estivo pintada.

Na mesma pedra, xusto enriba, represéntase un anxo portando un animal en brazos; para Dolores Fraga podería ser San Francisco cun año, pero San Francisco non se adoita representar como un anxo nin desta maneira. Non está moi claro de que animal se trata, pero é posible que sexa un becerro, e en tal caso podería aparecer aquí como unha ofrenda do propio Andrade a Deus. Quizais o texto do *Levítico 4* exposto arriba, nos dea a clave: «...ofrecerá a Jehová, por el pecado que ha cometido, un becerro sin defecto, como expiación... y lo degollará delante de Jehová...» Naturalmente, é de supoñer que o pecado se refira ó acontecido en Montiel, un cambio de dinastía que convertería a Fernán Pérez de Andrade (cualificado de «buen caballero» polo Licenciado Molina, que conste), da noite para a mañá, no cabaleiro máis poderoso de Galicia na segunda metade do s. XIV.

Non sabemos se o becerro debía ser queimado como nos di o *Levítico 4* ou se o seu sacrificio de expiación implicaba carne (carne sacramental), porque neste caso, xunto co pan e coa música, xa teríamos os ingredientes básicos para a festa eterna que Andrade deseñou no seu particular Paraíso: comer todos xuntos (a familia e os amigos) no medio da música e das cantigas é unha das maneiras nas que máis claramente se define a ancestral cultura dos galegos; por iso Andrade non podía imaxinar nada mellor.

A partir de aquí, xiro pouco a pouco cara a dereita e vexo que no 2º nervio («G54» de Dolores Fraga), á mesma altura media, hai outra cara barbada, pero claramente dun mozo. Pola ubicación, á beira de Fernán Pérez, e pola xuventude da imaxe, sería lóxico que estivésemos diante do «fillo erdeiro» que Andrade tivo con Sancha Rodríguez e que aparece, polo menos, nun documento de 1368 (Erias, 1992), pero que morre prematuramente, porque o herdeiro de Andrade será o seu sobriño, Pedro Fernández de Andrade. Na mesma posición, o 3º nervio («F45»),



Monxa clarisa, probablemente unha das dúas fillas (clarisas en Compostela) de Fernán Pérez de Andrade.

vemos outra cara dun home xa maior, con barba longa. Non podemos saber se habería algunha cara máis no nervio 4º («E»), porque desapareceu o orixinal. No 5º («D») e 6º non hai ningunha, pero no 7º («B16») volvemos ver outra cara dun home maior tamén con longa barba. E pechando o círculo, o nervio 8º («A»), o simétrico ó da cara de Andrade, é o que ten a imaxe do panadeiro.

Recapitulando, vemos catro retratos. Un é de Fernán Pérez. Outro, o do mozo, moi probablemente representa ó seu querido «fillo erdeiro», morto antes de tempo e co que imaxinou xuntarse no Máis Aló. Os demais, parece lóxico que sexan dous irmáns seus, pero tivo tres, como nos di o testamento de seu pai Rui Freire (ademais de dúas irmás):

... e fes seus heredeiros seus fillos **Nuno freyre mestre de xristos** e **john freyre**, e **lopo nuñes**, e **ferna peres** e **Mariña pelaes** e **sancha nuñes** (García G-Ledo, X. A., 1983, *As imaxes xacentes da eirexa de San Francisco de Betanzos*. Concello de Betanzos, p. 34). ... e fes seus heredeiros seus fillos **Nuno freyre mestre de xristos** e **john freyre**, e **lopo nuñes**, e **ferna peres** e **Mariña pelaes** e **sancha nuñes** (García G-Ledo, 1983).

Por conseguinte, se esta hipótese é acertada, falando soamente dos homes, faltaría unha cara masculina, que podería estar no nervio desaparecido. Como case todo no mundo de Andrade xira arredor da guerra e da caza, as mulleres teñen pouca presenza, polo que quizais non se representaran as súas irmáns. Pero outra cousa son as súas fillas das que sabemos que eran dúas, monxas clarisas (en Santa Clara de Santiago), María Fernández e Ynés Fernández (Erias, 1992). Pois ben, o prantexamento xeral que aquí se expón leva a pensar que unha delas pode ser a que se representa precisamente no mesmo nervio no que está Andrade («H66»). E a outra quizais estivese no nervio perdido..., un nervio que foi substituído, na máis que criticable restauración de Pons Sorolla da segunda metade do s. XX, por outro meramente estrutural. Onde están as pezas orixinais dese nervio desaparecido? Algún día aparecerán e poderemos completar o discurso.

BIBLIOGRAFÍA

- ALFONSO XI, *Libro de la montería* [escrito aprox. 1340-1350]. Madrid, Ediciones Velázquez, 1976.
- BIBLIA REINA VALERA REVISADA (1960), 1998, Sociedades Bíblicas Unidas, Estados Unidos de América.
- ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo, 1992, «Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, Mestre de Christus». *Anuario Brigantino* 1991.
- FRAGA SAMPEDRO, Mª Dolores, 1996, «San Francisco de Betanzos: nuevas aportaciones a su programa iconográfico», *Anuario Brigantino* 1995.
- GARCÍA G-LEDO, X. A., 1983, *As imaxes xacentes da eirexa de San Francisco de Betanzos*. Concello de Betanzos.
- HEVELII, Johannis. *Firmamentum sobiescanum sive uranographia totum coelum stellatum,.... Gedani Typis Johannis-Zachariae Stollii Anno MDCXC*.
- JOÃO I de Portugal. *Libro de Monteria composto polo Señor Rey Don Joaom de Portugal, e dos Algarues, e Señor de Ceuta, trasladado de un Original de maom escrito en pergaminho que se achou na Libreria do Collego da Comp.^a de Jhs de Monforte de Lemos polo Bacharel Manoel Serrão de Paz este anno de mil e seyscentos, e uinte e seys*. Transcrición de ESTEVES PEREIRA, Francisco Maria. *Livro da montaria por D. João I, Rei de Portugal, conforme o manuscrito nº 4352 da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Coimbra, Universidade, 1918.
- MOLINA, Bartolomé Sagrario de, Licenciado, 1550, *Descripción del Reyno de Galizia*. Mondoñedo. Ed. facsímil en «Colección de los bibliófilos gallegos», I, Compostela, 1949.
- PTOLOMEO, Claudio, [ca. 150], *Almagesto*...
- SALTERIO DE UTRECH, [ca. 820-840]. *Utrecht, Universiteitsbibliotheek*.
- TACUINUM SANITATIS: *Codex Vindobonensis series nova 2.644. Manual de salud del siglo XIV*. Texto de Franz Unterkircher. Madrid, Ed. Casariego, 1995.